

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

Índice

1. Introducción

2. Presentación

3. Análise da situación e contexto do centro.

Donde estamos?

○ **Ámbito escolar**

- Elementos estruturais (aspectos administrativos e legais-titularidade, financiación...)
- Recursos materiais, equipo docente e persoal non docente.
- Características, formación.
- Tipo de n.e.e. máis frecuentes no centro.
- Pais/nais - Titores/as

○ **Ámbito extraescolar**

- Aspectos físicos-ambientais, socioeconómicos, culturais.
- Recursos do entorno, problemas sociais máis relevantes....

4. Rasgos de Identidade

○ **Quen somos?**

- Confesionalidade
- Lingua de aprendizaxe
- Metodoloxía.
- Pluralismo e valores democráticos
- Coeducación
- Modalidade de xestión institucional

5. Fines e obxectivos

○ **Que pretendemos?**

- **Principios Educativos**
- **Obxectivos**
 - **Xerais**

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

- En relación coa Comunidade Educativa
- En relación coa ANPA
- En relación coas Administracións e outros Centros Educativos.

- **Organizativos**

- Ámbito Común
- Ámbito Pedagóxico
- Ámbito Administrativo
- Ámbito humano e convivencial.

- **Obxectivos curriculares das etapas**

6. Definición é estrutura do centro

- **De que medios dispoñemos? Cómo nos organizamos?**

- Servicios dispoñibles no centro: fisioterapia, mestres de audición e linguaxe...
- Organización e tarefas dos distintos profesionais:

- O núcleo docente:

- Órganos de Goberno e participación
- Órganos de Coordinación docente
- Educadores
- Alumnado
- Horario

- O entorno docente:

- Comedor
- Transporte
- Internado
- Fisioterapia
- Servicio Médico

- Coordinación e colaboración cos servizos externos
- Intervención coas familias
- Medidas Organizativas para o alumnado que non vai a Relixión.
- Proxectos do centro: Plan TICs, Proxecto Lingüístico, Plan de Acción Titorial, Plan de Convivencia e Plan de Acolida. **(Anexos)**

7. Avaliación do Proxecto Educativo

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

1.- INTRODUCCIÓN

O Proxecto Educativo dun Centro Específico é o instrumento fundamental de organización deste tipo de centro docente que lle otorga coherencia organizativa funcionalidade ao alumnado que asiste a él.

Segundo a Orden do 27 de decembro de 2002, reflicten os criterios de carácter organizativo e pedagóxico establecidos para a atención a o seu alumnado con n.e.e.”

A utilidade de este proxecto radica precisamente nesta capacidade para responder á diversidade de necesidades, motivacións e intereses do alumnado, mestres, pais/nais, titores legais e contexto; e sómente será viable na medida en que toda a comunidade educativa asuma a súa elaboración como unha responsabilidade compartida, froito de diálogo, da análise e a converxencia de posicións diversas.

Debe ser eixe de mellora da calidade do ensino. É propio e exclusivo do noso centro porque constitúe as nosas señas de identidade.

Planifica solucións ás problemáticas específicas da Educación Especial porque ten en conta a ubicación do centro, tal como reclama o “principio de sectorización”, e os seus criterios de aplicación xeográfica, de poboación e de necesidades.

É instrumento director, porque recolle o produto da continua reflexión, aplicación e experimentación da planificación educativa.

Por último, é esencialmente funcional porque establece as formas de organización xeral tendente a mellorar a calidade da Educación Especial, como consecuencia da

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

responsabilidade e da actividade compartida da comunidade escolar a través dos seus órganos de xestión e participación.

2. PRESENTACIÓN DO PEC

O equipo de mestres/as integrados por

- Felisa Aguado Martínez
- Verónica Álvarez Fernández
- María do Carmen Fernández Méndez
- Rosario Aurora Rodríguez Pereiro
- Olga Castro Rego
- María Belén De la Fuente Cobas
- Ana Isabel Tato Santos
- Alba Rodríguez Quevedo
- María José García Otero
- Milagros Castro Prieto
- María Luz Rodríguez Freire
- Ramón Iglesias Rey
- Marcos Santamaría Somoza
- José Ángel Cruzado Iglesias

revisan e actualizan o Proxecto Educativo do CEE Infanta Elena mediante un proceso de reflexión, estudo e consenso no que combinamos distintas técnicas de traballo: individual e en grupo. Sendo este traballo unha experiencia productiva no senso de que favorece as relacións do grupo, e obríganos a chegar a acordos, facendo aumentar o diálogo e as

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

relacións interpersonais entre os/as compoñentes do claustro. Isto constituiu un estímulo para mellorar no futuro a relación co noso alumnado, familias, titores/as e a nosa preparación profesional.

Tentamos presentar un Proxecto Educativo (PE) orientativo, aberto, flexible, adaptable e incluso cambiante naqueles aspectos que no futuro se consideren necesarios. Non queremos que sexa algo pechado e inamovible, pero iso si, como un Proxecto do que partir e nun futuro mellorar coas aportacións dos distintos compoñentes da comunidade educativa.

Xustificación

O estudo do medio tanto físico como humán, cultural, económico... da zona onde está situado o noso centro, ten como finalidade a reflexión da nosa identidade. O alumnado debe ser educado para comprender e respetar o seu medio e a súa cultura.

Tamén facemos un pequeno estudo do Centro: distribución, servicios, deficiencias... O alumnado deberá comprender que o coidado das instalacións tamén é responsabilidade súa.

Intencións Educativas

O Centro como parte da comunidade educativa deber ter en conta que está integrado nunha sociedade e non pode quedar alleo a ela, polo tanto debe educar para a vida e, no noso caso, nas medidas das posibilidades dos nosos alumnos para ser autosuficientes. Para acadalo deberemos partir dunhas premisas ou intencions educativas:

- Educación integral.
- Pluralismo
- Solidariedade, cooperación

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

- Participación
- Respeto e responsabilidade
- Autoestima
- Traballo en equipo
- Facer do centro algo gratificante non só para o alumnado senón para os/as mestres/as, por iso a metodoloxía a seguir deberá ser activa.

Debemos ter en conta as características particulares do alumnado, partir da premisa das súas diferencias, o que nos levará a traballar co individuo e a súa relación co grupo; polo que partimos da diversidade e respetando ata conseguir a integración/inclusión.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN E CONTEXTO DO CENTRO

¿ONDE ESTAMOS?

- **Ámbito escolar**

DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO

CEE Infanta Elena – Monforte de Lemos

Camiño Real S/N, 27400 – Monforte de Lemos - Lugo

Código do Centro: 27015360

Teléfono/Fax: 982-403303

Correo Electrónico: cee.infanta.elena@edu.xunta.es

Páxina Web: www.edu.xunta.es/centros/ceeinfantaelena

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

O CEE Infanta Elena de Monforte de Lemos é un colexio público de Educación Especial que escolariza a alumnos e alumnas dende os tres ata os vinteun anos de idade e que presentan necesidades específicas de apoio educativo. O alumnado procede das zonas limítrofes das provincias de Lugo e Ourense.

O colexio actúa así mesmo como centro de recursos, atendendo as necesidades que poidan xurdir nos centros educativos do entorno, ofrecendo a estes a posibilidade de escolarización combinada, atención do servizo de fisioterapia así como de profesorado especialista en Audición e Liguaxe e mellora de Habilidades Sociáis.

O Centro constitúe unha organización a simple vista sinxela, pero no fondo complexa, que forma parte dunha comunidade heteroxénea, composta por profesorado, alumnado, persoal laboral e pais basicamente sen esquencer as relacións coas institucións. Tamén temos presente que os intereses dos tres pilares que forman a comunidade (persoal do centro, alumnado e pais) non sempre son os mesmos, pero na nosa man está que non se perda o obxectivo básico: educación individual integral, autosuficiencia e autorrealización.

Na actualidade o Centro conta con 39 alumnos/as, dos cales 33 pertencen ao Centro e 6 están en escolarización combinada. Queremos destacar a matrícula dun alumno que temos con Atención Domiciliaria.

Todos/as son alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo tales como:

- Discapacidade Psíquica.
- Transtornos Xerais do Desenvolvemento.
- Discapacidades motóricas e sensoriais
- Transtornos de conducta.

As idades do alumnado oscilan dende os 5 anos do alumno máis novo, ata os 22

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

do alumno máis maior. Así que no centro temos escolarizados a alumnado que se encadra nos currículos de Educación Infanta, Educación Primaria, 1º e 2º Ciclo de Educación Secundaria e nos Programas Formativos de Formación Profesional Básica

NUMERO DE UNIDADES

- Oficiáis:
 - 4 de Educación Especial
 - 2 dos Programas Formativos de Formación Profesional Básica (Xardinería-Viveirismo e Servicios de Restauración)
- Funcionando
 - 5 de Educación Especial
 - 2 dos Programas Formativos
 - Atención a Domicilio.

A maiores o Centro conta con:

- Audición e Linguaxe: Dous mestres, un definitivo e outro provisional.
- Fisioterapeuta a xornada completa.
- Servicio médico a xornada completa.
- Unha educadora a xornada completa.
- Seis coidadoras que traballan con turnos de mañá, tarde e noite.

Deste xeito diremos que o Centro conta co seguinte persoal:

- Persoal docente:

	P. T.	A.L.	Lingua estranxeira / at. domiciliaria	Orientación	Profesores do P.F.F.PB.	Equipo directivo	TOTAL PROFESORADO
--	----------	------	---	-------------	-------------------------------	---------------------	----------------------

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

Creados	6	2	0	1	0	2	9
Funcionando	7	2	1	1	2	2	13

- Directora
- Secretario (Mestre de Audición e Linguaxe en comisión de servicios)
- 6 mestras de Pedagogía Terapéutica.
- 2 mestres de Audición e Linguaxe.
- 1 mestra de Pedagogía Terapéutica para atención domiciliaria.
- 1 mestra de Lingua Extranxeira (Inglés).
- 1 mestra de relixión Católica
- 1 Orientadora.
- 2 profesores de técnicos de Formación Profesional de Operacións de Producións Agrarias e Servizos de Restauración.

- Persoal non docente:

- 1 fisioterapeuta con carácter definitivo
- 1 doutor a xornada completa
- 4 educadoras. Unha para o externado e tres para o internado .
- 8 coidadoras.
- 1 cociñeira.
- 1 auxiliar de cociña (que fai función de cociñeira por motivo de distribución de horario)
- 1 limpadora para o internado con carácter definitivo.
- 2 limpadoras para o externado.

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

INSTALACIÓNS

O edificio principal, no que se atopa ubicado o Centro. O externado utiliza distintas dependencias do internado debido á necesidade de ampliación das instalacións.

- Número de aulas:
 - Planta Baixa:
 - 2 Aulas de Audición e Linguaxe
 - 1 Aula de Educación Especial.
 - Aula Educadora
 - 1 Aula dos Programas Formativos
 - Primeiro Andar:
 - 4 Aulas de Educación Especial
 - 1 Aula dos Programas Formativos
- Outras dependencias:
 - Planta Baixa:
 - Sala de xuntas pais/nais
 - Salón de Actos
 - Aula Multisensorial
 - Talleres Programas Formativos
 - Ximnasio
 - Fisioterapia
 - Consulta Médica
 - Aseos
 - Primeiro Andar:
 - Dirección

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

- Orientación
- Sala de Mestres
- Aula de TICs e biblioteca compartida
- Aseos

PAIS/NAIS – TITORES/AS LEGÁIS

O perfil das familias é dun nivel cultural e económico medio-baixo, tendo distintas familias desestructuradas, así como alumnado en centros de acollida e outros/as tutelados/as pola Funga

Dende o Centro temos unha constante comunicación e colaboración coas familias, necesario é imprescindible para acadar os obxectivos establecidos.

O traballo coas familias e titores/as legáis é constante, xa que en moitos casos as familias precisan de axuda do Centro (séntense en ocasións afectados física e psicolóxicamente sen saber qué o cómo facer e actuar na tramitación ou actuación dos diferentes aspectos que afectan aos seus fillos/as).

Con ese fin créase no Centro unha “Escola de pais/nais” dando resultados moi positivos sobre todo para a súa vida persoal.

Queremos destacar tamén que o perfil do alumnado deste Centro está a cambiar significativamente. Os Institutos de Educación Secundaria de Monforte de Lemos, profesores e pais/nais empezan a ter unha gran confianza no traballo desenvolvido no CEE Infanta Elena, polo que á data de hoxe son bastantes os/as alumnos/as que se incorpora procedentes destes I.E.S., e o que é máis importante, atópanse satisfeitos/as co traballo realizado.

● Ámbito extraescolar

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

O Concello de Monforte de Lemos está situado nunha chaira ó sur da provincia de Lugo na zona xeográfica coñecida como Terra de Lemos. Hidrográficamente, o río Cabe é a principal arteria fluvial. Tamén está bañado polos ríos Mao e Cuisa, etc, soportes naturais dunha rica flora e fauna.

Ten unha superficie de 302 km, e unha poboación de 20.000 habitantes. Está ben comunicado, tanto por estrada como por ferrocarril. É a segunda cidade lucense con maior densidade de poboación e presenta un gran contido histórico: O castelo, o Pazo dos Condes, os Escolapios, As Torres, O Museo das Clarisas, A Ponte Romana, o casco antigo....

Monforte foi o centro de sistema ferroviario galego, dando traballo a numerosas persoas, constituía un importante complexo económico que era a clave da economía do pobo.

Cando esta foi a menos, supuxo un duro golpe para a cidade. No seu momento o ferrocarril suplía a falla dunha infraestrutura industrial. Existen talleres de reparación de locomotoras e construción de vagóns, embarque de gando...

A industria de fabricación de calzado, que foi das máis relevantes de España, a día de hoxe tamén foi a menos.

4. RASGOS DE IDENTIDADE

¿QUENES SOMOS?

Unha vez feita a análise de partida que é saber con que contamos: alumnado, situación socioeconómica familiar do mesmo, características físicas e materiais do Centro, encamiñámonos ou enfrontámonos a outro paso que é plantexarnos ¿Quen somos?

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

O noso fin é a aprendizaxe do alumnado, para iso a metodoloxía debe ser activa, motivadora e implica que o/a mestre/a sexa sempre un instrumento en constante reflexión, formación, sen que isto nos condicione senón que debemos tomalo como algo que forma parte non só do noso traballo senón da nosa formación como individuos que estamos inmersos nunha sociedade.

A aprendizaxe debe ser significativa, funcional e implicar ao alumnado no proceso xa que eles/as son os motores e receptores do mesmo, e sempre adaptando as características de cada individuo.

Imos pasar a falar das notas de indentidade:

- Confesionalidade

Como Centro público que somos aceptamos e rexímonos pola lexislación vixente. Considerámonos un Centro aconfesional, pluralista e potenciador dos valores éticos.

- Lingua de aprendizaxe

Segundo o Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia usarase a lingua predominante entre o alumnado e coidarase que adquiren de forma oral e escrita a outra lingua oficial da Comunidade.

Debido as características excepciónais do alumnado a educación impartirase respetando a lingua materna de cada un deles para favorecer o seu desenvolvemento intelectual e persoal

- Liña metodolóxica

Consideramos a formación integral do alumnado como meta fundamental, fomentado todas as actividades, dentro e fóra da aula, que permitan a súa total autorrelación.

O agrupamento do alumnado será mixto e flexible (inda que se terán en conta as

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

afinidades e nivéis) e favorecerá a coeducación e aprendizaxe cooperativa (nos casos que sexa posible), evitando calquera tipo de discriminación por razón de sexo, raza, relixión, rendemento escolar, discapacidade...

Potenciaremos no alumnado o espírito de traballo, a responsabilidade persoal, ao mesmo tempo que crearemos un clima de colaboración e respecto.

Respetaremos a diversidade de ritmos evolutivos e de capacidades.

Intentaremos acadar a inserción do alumnado no entorno social no que viven, estreitando os lazos entre o Centro e o entorno.

A avaliación realizarase tendo en conta os coñecementos previos do alumnado e farase mediante a observación continua do traballo, a análise de tarefas realizadas....

- Pluralismo e valores democráticos

A orientación do Centro deber ter relación con conxunto de actitudes, valores e normas dun estado democrático.

Como centro público fomentarase a solidariedade, o respecto aos demais e actitude de diálogo.

Rexeitarase calquera tipo de adoutramento, comprometéndose a proporcionar unha formación ética, moral e cívica baseada nos criterios humanos.

- Coeducación

Pretendemos potenciar unha educación que non conleve ningún tipo de discriminación, senón, todo o contrario, e para nós é básica a aceptación das “diferencias”. Trataremos que todo o alumnado chegue a ser autónomo na medida das súas posibilidades, aínda que somos conscientes que un importante número deles, debido ás súas discapacidades nunca o acadarán totalmente, e dependerán da axuda doutras persoas. Pero tamén é labor noso concienciar ao entorno, para que os acepten

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

como individuos que son simplemente diferentes.

- Modalidade de xestión institucional

A lexislación vixente establece a normativa dos órganos de goberno do Centro, así como as funcións de cada un deles.

Gustaríanos que no centro se respetaran os principios de democracia, participación e transparencia.

5.- FINS E OBXECTIVOS

Que pretendemos?

PRINCIPIOS EDUCATIVOS DO CENTRO

Partiremos dos principios educativos recollidos na Lei 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa e adaptámola á realidade do noso educativa e que nos da como resultado os seguintes principios educativos:

- Calidade da educación para o alumnado do centro.
- Equidade, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturáis, económicas e sociáis, tendo en conta que o centro escolariza só a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidaridade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza.

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

- Orientación educativa e laboral sempre que sexa posible.
- Esfuerzo individual e motivación do alumnado.
- Esfuerzo compartido polo alumnado, familias, titore legáis, mestres/as, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade.
- Autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares no marco das competencias e responsabilidades que nos corresponden.
- A participación da comunidade educativa na organización, goberno e funcionamento do noso centro.
- Educación para a prevención de conflitos, non-violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, resolvendo pacíficamente.
- O desenvolvemento e fomento da igualdade afectiva entre homes e mulleres.
- Consideración da función docente como factor esencial da calidade de educación, apoiando a súa tarefa.
- Fomento e promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa na discapacidade.
- Avaliación da tarefa educativa, tanto na súa programación e organización como nos procesos de ensino e aprendizaxe como nos seus resultados.

Seguindo coa mesma liña de adaptacións dos fins da lei á nosa realidade educativa, a continuación temos os obxectivos, que tentamos acadar co traballo diario no centro e tendo en conta a diversidade do alumnado ao que damos resposta educativa:

OBXECTIVOS DO CENTRO

- **XERAIS**
 - **EN RELACIÓN COA COMUNIDADE EDUCATIVA:**

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

- Continuar potenciando a xestión do centro a través das TICs
 - Seguir traballando para que o noso centro sexa un centro aberto onde se presta unha atención individualizada aos alumnos que así o precisan.
 - Proporcionar actuacións de consulta e información.
 - Canalizar iniciativas xurdidas por parte do persoal do centro.
 - Estimular o desenvolvemento global dos nosos alumnos e alumnas intentando por unha banda unha incorporación á vida adulta o máis plena posible, e por outra banda crear un sentimento de persoas útiles, valoradas, queridas, respetadas, tanto para si mesmos como para a sociedade.
 - Valorar conxuntamente o funcionamento do centro.
 - Implicar a toda a comunidade educativa en actividades do centro e promover a súa participación na mesma con iniciativas propias.
 - Traballar para que o C.E.E. Infanta Elena sexa un espazo onde a calidade de vida e o benestar dos nosos alumnos/as encontren as mellores condicións de desenvolvemento.
 - Seguir loitando para normalizar o noso centro como un centro máis de educación dentro do noso entorno.
- **EN RELACIÓN COA ANPA:**
- Seguir traballando coa ANPA e colaborar con ela sempre que sexa preciso.
 - Organizar xornadas e charlas en relación co departamento de orientación sobre temas que a eles lle interesan ou preocupan.
 - Realizar reunións periódicas para que participen máis activamente na vida do centro.

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

- Solicitarlles a súa colaboración nas actividades que así o requiran.
 - Mantela informada de todas as actividades que chegan ao centro e poidan ser do seu interese.
 - Continuar a traballar na Escola de pais/nais
- **EN RELACIÓN COAS ADMINISTRACIÓNS E OUTROS CENTROS EDUCATIVOS:**
 - **CONCELLO:**
 - Seguir fomentando unha boa relación coas concellerías do Concello de Monforte de Lemos
 - **ASOCIACIÓNS:**
 - Seguir incrementando unha boa relación coas distintas asociacións e colectivos de discapacitados.
 - Coordinar actuacións cos equipos de apoio en colaboración co Departamento de Orientación e recursos externos ao centro
 - **CENTROS EDUCATIVOS:**
 - Seguir incrementando unha boa relación con outros centro educativos do entorno.
- **ORGANIZATIVOS**
 - **ÁMBITO COMÚN**
 - Optimizar a utilización dos recursos materiais e humanos do centro, xestionando os máximos recursos posibles para o noso centro.

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

- Crear as condicións necesarias para unha boa convivencia no centro proporcionando e impulsando iniciativas por parte de toda a comunidade educativa.
 - Fomentar a participación de todo o persoal do centro nas reunións levadas a cabo.
 - Organizar e participar nas eleccións ao Consello Escolar.
 - Xestionar a modificación do horario lectivo para favorecer tanto no alumnado como no profesorado, educadores, cuidadores e outro persoal do centro
 - Asegurar transparencia democrática e de participación nos procesos organizativos.
- **ÁMBITO PEDAGÓXICO**
- Traballar para que o que o alumnado aprende no noso centro lles sirva para levar unha vida o máis autónoma posible.
 - Acadar a máxima autonomía no alumnado transmitíndolles aos pais a importancia da súa colaboración continua para acadala.
 - Crear as condicións necesarias para unha boa convivencia no centro proporcionando e impulsando iniciativas por parte de toda a comunidade educativa.
 - Favorecer o equilibrio afectivo e as capacidades de relación, de actuación e inserción social de xeito que os nosos alumnos/as se sintan queridos, seguros, valorados e aceptados.
 - Fomentar ilusións en todos os membros da comunidade educativa para seguir traballando nunha dirección común.

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

- Ensinar actividades para que eles/as sepan empregar o seu tempo de lecer adaptándoas ás necesidades de cada neno/a.
 - Afianzamento na lecto-escritura
 - Conseguir que progresen nos distintos sistemas alternativos e aumentativos da comunicación que lles posibilite entender e ser entendidos/as.
 - Lograr o desenvolvemento de conductas cada vez máis axeitadas nos diferentes contextos encadrados no proceso de comprensión e valoración das mesmas.
 - Proporcionar ao alumnado obxectos, sucesos e situacións que favorezan representacións da realidade mediante o xogo simbólico, plástica, música, linguaxe...
 - Desenvolver gradualmente maiores niveis de autonomía nos distintos ámbitos nos que se desenvolven cun nivel de independencia e seguridade, axustados ás posibilidades reais.
- **ÁMBITO ADMINISTRATIVO**
- Velar porque as institucións e o centro resposten ás necesidades do noso alumnado e se cumpran tódalas condicións e requerimentos de seguridade, a calidade e a hixiene.
 - Informatizar o seguimento do alumnado.
 - Xestionar e informar das actividades para a formación do todo o persoal do centro.
 - Solicitar axudas e facilitar o material que precise cada alumno/a atendendo á súa diversidade.

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

- Exercer as funcións propias segundo a lexislación vixente.

○ **ÁMBITO HUMÁN E CONVIVENCIAL**

- Establecer canles de información e participación entre os distintos profesionáis do centro.
- Asumir por todo o equipo educativo as propostas educativas, para o que terán que ser debidamente consultadas e consensuadas.
- Ter todo o dereito a valorar e emitir os seus puntos de vista sobre as súas intervencións por todos/as os profesionáis do centro, en canto serán corresponsables da súa posta en práctica das mesmas.
- Clarificar as funcións do todo o persoal do centro, para favorecer unha intervención conxunta e coordinada.
- Establecer cauces coas familias, titores/as legáis, para canalizala fundamentalmente mediante os planes de acción tutorial.
- Facilitar a participación dos pais/nais, titores/as, no preceso educativo do alumnado, tanto dentro do contexto escolar como fora.

● **CURRICULARES DAS ETAPAS**

Os obxectivos curriculares das etapas educativas que ofertamos no centro (Educación Infantil e Educación Básica Obrigatoria), quedan recollidas nos respectivos proxectos curriculares, nos programas de alula e nas adaptacións curriculares individuais.

A Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade da educación (LOMCE) recolle como principios: a calidade da educación para todo o alumnado

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

independentemente das súas condicións e circunstancias, a equidade, a inclusión e a non discriminación como elementos compensadores das desigualdades con especial atención ás que derivan de discapacidade para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional. Para isto a LOMCE di no Título V, capítulo II artigo 120, de autonomía dos centros educativos para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares que se precisen para facilitar a todo o alumnado a consecución dos fins e obxectivos establecidos podendo adoptar experimentacións, plans de traballo, formas de organización e modificación do horario escolar.

Todo o alumnado do centro presentan necesidades específicas de apoio educativo, diversas e en diferentes grados de discapacidade o que implica:

- Unha baixa capacidade de rendemento a nivel físico e psíquico segundo as súas circunstancias básicas.
- Que se precisen un maior número de horas, de estratexias e recursos para adquirir competencias básicas.
- A maior parte do alumnado debido as patoloxías que padecen están medicados o cal repercutirá negativamente na súa capacidade de atención e concentración que diminúe moito máis despois do mediodía. Isto lebaranos a:

1.Flexibilizar os horarios (sempre renden máis nos primeiras horas da xornada) para adaptalos aos períodos con niveis de atención maiores procurando que as actividades sexan máis lúdicas e curtas polas tardes.

2.Flexibilizar os agrupamentos o cal vai permitir levar a cabo unha ensinanza individualizada dentro das aulas pero tamén unha ensinanza máis activa dentro de agrupamentos flexibles nos que o alumnado sexa partícipe da súa aprendizaxe.

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

3.Fomentar o traballo cooperativo a través de obradoiros. Para intentar:

- Establecer e afianzar hábitos de traballo a nivel práctico.
- Descubrir gustos e preferencias que lles motivarán a desenvolver habilidades e adquirir competencias de xeito máis lúdico.
- Aumentar a interacción comunicativa.
- Adquirir rutinas e hábitos de autonomía persoal de gran importancia á hora de crear unha identidade persoal propia.
- Traballar o respecto e a tolerancia así como a solidariedade entre compañeiros/as.

De xeito global preténdese crear no alumnado unha motivación polo traballo práctico e cooperativo no que a curto prazo vaian vendo os resultados do seu traballo diario. En resumo unha formación máis completa de cara a preparación para a vida adulta.

Esta proposta levámola a cabo a través da seguinte organización de obradoiros:

- Obradoiro das TIC's
- Teatro
- Música e movemento.
- Plástica
- Cociña
- Actividades Deportivas

6. DEFINICIÓN E ESTRUCTURA DO CENTRO

De qué medios dispoñemos? Cómo nos organizamos?

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

6.1 Organización e tarefas dos distintos profesionáis.

6.1.1 - O Núcleo Docente

- 6.1.1.1 - Órganos de Goberno e participación

o Órganos Unipersoáis: Equipo Directivo

O centro dispón dun Equipo Directivo integrado única e exclusivamente pola directora, cas funcións no centro tal e como recollen no Regulamento Orgánico dos Centros de Educación Infantil e Colexios de Educación Primaria.

o Órganos Colexiados: Consello Escolar e Claustro de profesores.

A través do **Consello Escolar** participan no centro e na súa xestión os distintos membros da comunidade escolar.

A Composición do Consello Escolar é a seguinte:

- Directora, que actúa como Presidenta.
- O Secretario.
- Un Concelleiro ou representante do Concello
- Catro representantes do persoal de servizos.
- Cinco mestres/as elixidos polo Claustro
- Cinco pais/nais do alumnado, elixidos pola ANPA.

O Consello Escolar ten atribuídas as funcións que se recollen no artigo 43 do Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria.

O **Claustro de Profesores** está integrado polo totalidade dos/as profesores/as que prestan servizo nel e presidido pola directora do centro.

As súas competencias están recollidas no artigo 47 do Regulamento das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria.

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

Na actualidade os membros do Claustro de Profesores so os seguintes:

- Directora
- Xefe Departamento de Orientación
- 7 mestres de Pedagogía Terapéutica (6 Titoras e unha mestra de Atención Domiciliaria)
- 2 mestres de Audición e Linguaxe (1 é o secretario do Centro)
- 1 mestra de Lingua Extranxeira (Inglés)
- 2 profesores técnicos de formación profesional

6.1.1.2 -Órganos de participación.

O Regulamento das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria recolle no título VI, artigo 105, o dereito que asiste aos pais/nais de constituír asociacións de pais/nais de alumnos.

Consideramos que a participación dos pais/ nais e titores/as legáis do noso alumnado é importante e a colaboración conxunta repercute positivamente no desenvolvemento dos seus fillos e fillas e nos nosos/as alumnos/as.

6.1.1.3 - Órganos de Coordinación Docente.

▪Equipos de Ciclo.

Os Equipos de Ciclo agruparán a todos/as mestres/as que impartan docencia nel, e serán os encargados de organizar e desenvolver baixo a supervisión da dirección, as ensinanzas propias do ciclo.

As súas atribucións repóllense no artigo 54 do Regulamento Orgánico das Escolas

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria.

Reuniranse unha vez ao mes, e en cada ciclo haberá un/unha coordinador/ora cas competencias, elección e cesamento que veñen determinados nos artigos 55, 56, 59 e 60 do Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria.

▪Comisión de Coordinación Pedagóxica

Estará integrada polo/a director/a como presidente/a, os/as coordinadores/as de ciclo, os/as titores/as e o profesorado de apoio (especialistas en audición e linguaxe), o/a coordinador/a do Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística, o/a xefe/a do Departamento de Orientación e o/a responsable da Biblioteca do centro.

Actuará como secretario/a un membro da comisión, designado polo/a director/a, oídos os demais membros.

As súas funcións están recollidas no artigo 62 do Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica reunirse cunha periodicidade mensual e realizará unha sesión extraordinaria ao comenzo e ao final de cada curso, así como cantas outras se consideren necesarias.

▪Equipos de Dinamización docente.

Os equipos de dinamización docente que están funcionando no momento da revisión deste Proxecto Educativo son os seguintes:

- Equipo de Dinamización da Biblioteca.
- Equipo de Dinamización das TIC's.

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

▪Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística:

Para potenciar o uso da lingua galega, constitúese o EDNL integrado por un profesor da cada ciclo por proposta da Comisión de Coordinación Pedagóxica. Os membros do equipo serán nomeados polo/a director/a e poderán incorporarse ao traballo do equipo, para temas puntuais, outros membros da comunidade educativa. As súas competencias repóllense no artigo 64 do Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria.

▪Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte de programación teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan. Teñen carácter de extraescolares aquelas que sendo organizadas polo centro e figurando na PXA aprobada polo Consello Escolar, se realizarán fora do horario lectivo.

A participación será voluntaria.

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares encargarse de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades. Estará integrado polo seu xefe e un representante de cada ciclo, e para a organización de cada actividade os/as mestres/as que participan nela.

As súas funcións están recollidas no artigo 75 do Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria.

Para o desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares que se

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

realicen fora da localidade onde está situado o noso centro, deberase de contar cos seguintes requisitos:

- Aprobación do Consello Escolar.
- Autorizacións escritas dos pais/nais ou titores legáis.

Todas as reunións dos órganos de coordinación anteriormente citados, levaranse a cabo segundo as quendas que figuran na Programación Xeral Anual do Centro.

▪Titorías.

O Centro no momento da revisión e modificación deste Proxecto Educativo, organiza ao seu alumnado en 6 titorías.

6.1.1.4 - Educadoras.

As educadoras ocúpanse do alumnado interno para facilitar a organización e coordinación entre os profesionáis que traballamos no centro.

Participarán no comedor escolar xunto cos/as coidadoras/es e os colaboradores de comedor.

O/a educador/a de externado colabora co profesorado dentro da xornada escolar.

Despóis da xornada escolar quedan como responsables da organización de obradoiros e outras actividades, sendo estas recollidas na Planificación Xeral Anual que se realiza no mes de setempro.

6.1.1.5 - Alumnado.

No noso centro escolarízanse alumnos/as que teñen idades comprendidas para permanecer na Educación Básica Obrigatoria, conformada por unha formación básica e

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

unha formación profesional complementaria que permita ao alumnado integrarse na vida activa e a súa transición á vida adulta, segundo o establecido no Decreto 229/2011 polo que se regula a Atención á Diversidade; tendo dereito a permanecer escolarizados ata os 21 anos de idade segundo se recolle na LOMCE.

É preciso destacar que dada vez é maior o número de alumnos/as escolarizados con limitacións graves e permanentes, así como alumnado con problemas conductuais, o que condiciona en gran medida o tipo de agrupamentos que se levan a cabo xa que requiren dunhas características organizativas particulares e diferentes ás dun centro ordinario.

- Criterios de promoción:

Segundo a lexislación vixente, o alumnado pasará de un ciclo a outro segundo a súa idade cronolóxica, sen embargo haberá casos excepciónais nos que o alumnado poderá permanecer un ano máis no ciclo.

O criterio principal que se seguirá será o seguinte:

- 1.O alumnado permanecerá no ciclo cando se considere que vai acadar os obxectivos do ciclo nun curso académico máis.

- 2.Os outros criterios que se seguirán son:

- 1.Que o/a alumno/a, pola súa falla de madurez física ou mental, ao cambiar de ciclo vaia atopar un novo entorno que lle perxudique.

- 2.Que a ratio do ciclo seguinte estea xa completa.

- 3.A decisión será tomada polo/a titor/a xunto co equipo docente de atención ao alumno/a, unha vez escoitado ao orientador/a.

Ademáis desto no noso centro o alumnado permanece no seu grupo-aula ata que, xa sexa por motivos organizativos ou evolutivos, ou por problemas de conducta, se

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

considere pertinente cambiar ditos grupos. Este cambio do alumnado a outros grupos pode realizarse cara un ciclo superior ou inferior, dependendo das necesidades ou características do alumnado.

●Criterios de Agrupamento:

Na constitución e adscrición do alumnado aos grupos, conxugamos unha serie de aspectos de gran relevancia.

- 1.Cronolóxicos: Tendendo a que a diferenza de idade entre o alumnado dun grupo sexa a menor posible.
- 2.Número de alumnos/as: De xeito que non existan demasiadas diferenzas entre o número de alumnos/as dos distintos grupos.
- 3.Grado de atención que precisen: neste senso non debe haber máis de dous alumnos que requiran unha atención individual constante.
- 4.Heteroxeneidade: Que exista un certo grado de heteroxeneidade entre o alumnado que favoreza a aprendizaxe entre iguais.
- 5.Tipo e grado de axudas (instrumentáis, materiais, espaciaís...) que precisan e que inciden na organización do espazo e tempo educativo do centro.
- 6.Os intereses, nivel de competencias, características e estilos de aprendizaxe e as posibilidades e expectativas razoables de progreso.
- 7.Flexibilidade: Inda que o alumnado estará distribuído en grupo-aula, realizaranse grupos flexibles para a consecución de determinados obxectivos, actividades... que se estimen necesarios/as.
- 8.Características físicas do alumnado.

O agrupamento básico será o grupo-aula, permitindo, segundo as necesidades,

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

flexibilidade na permanencia de certos/as alumnos/as nun grupo ou noutro ao longo do curso.

Ademáis do grupo-aula o alumnado poderase agrupar de forma diversa:

- Pequenos grupos de traballo.
- Obradoiros

Tamén existe flexibilidade no tocante ao momento no que un alumno/a pode ser cambiado de grupo-aula, podendo acometerse dito cambio en calquera momento ao longo dun mesmo curso escolar se as circunstancias así o aconsellan. Para isto realizarase un previo estudio por parte do Departamento de Orientación así como do Equipo Directivo, dos Tutores/as e do profesorado implicado no cambio.

6.1.1.6 - Horario

O horario do noso centro é un horario de xornada partida en quendas de mañá e tarde durante os meses de outubro a maio, e en quenda de mañá durante os meses de xuño e setembro. No momento da revisión deste PE os horarios son os seguintes para o alumnado e o persoal docente:

- XORNADA CONTINUADA (xuño e setembro)- 8:50 a 13:15 (aula)

-13:10 a 13:50 corresponde o tempo do servizo de comedor

-Recreo de 20 minutos

-13:50 saída do transporte

-XORNADA PARTIDA - 10:05 a 16:45

Mañá: De 10:05 a 13:30 (De luns a xoves, posto que os venres empezan ás 10:05 e saen ás 13:45. O profesorado en quendas entrará as 9:55 hs para atender ao alumnado transportado.

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

-O recreo será de 12:10 a 12:45

-O tempo de comedor será de 13:30 a 15:00, agás os venres, que será de 13:40 a 14:30, que é a hora de recollida dos alumnos)

Tarde: de 15:00 a 16:45, agás os venres, que non haberá clases pola tarde.

Esta tarde dos venres é adicada as xuntanzas de todo o persoal do centro para coordinar o noso traballo.

Os **venres** pola tarde e faremos diversas xuntanzas entre todo o persoal, todas elas adicadas a:

1º Venres de cada mes	Reunión mestres
2º Venres de cada mes	Reunión mestres e educadoras
3º Venres de cada mes	Reunión persoal laboral, orientadora e directora.
4º Venres de cada mes	Revisión de programas conxuntos e seguimentos co persoal implicado.

O obxectivo desta modificación de horario é mellorar a calidade da nosa labor educativa de forma conxunta e lograr así ,unha mellor coordinación entre todos os implicados no proceso (tendo en conta as características do noso centro).

6.1.2 - O Entorno Docente.

6.1.2.1 - Comedor

Xestionado directamente polo centro e facendo uso del a totalidade do alumnado a excepción do alumno con atención domiciliaria.

O comedor escolar é lugar de encontro de todos os escolares do centro, onde a

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

comida se ofrece como un momento de pracer.

O espazo de comedor é suficiente para que resulte acolledor e poidamos estar cómodos/as.

Na organización e funcionamento do comedor interveñen diariamente a directora, a encargada de comedor, educadoras, coidadoras, cociñeira e axudante de cociña.

Debido ás características do noso alumnado os menús serán completos e variados sempre supervisados polo médico.

Cada ano na Planificación Xeral Anual fixaranse os horarios e especificaranse a organización para ese curso escolar incluíndo ademáis do xantar aqueloutras actividades que se desenvolvan no horario de descanso entre a xornada de mañá e de tarde.

6.1.2.2 - Transporte.

O transporte escolar divídese en dous grupos segundo o réxime dos/as alumnos/as:

Alumnado interno:

Fan o transporte unha vez á semana os luns e os venres utilizando distintos medios e axudas individuáis, sendo asumido o gasto pola Consellería de Educación e Orientación Universitaria a través das axudas individualizadas.

Alumnado externo:

A empresa Hermanos Santalla, realiza o servizo de transporte dependente da Consellería, coa asistencia dun cuidador/ora da propia empresa. É a encargada de transportar pola mañá e pola tarde ao alumnado dende as súas casas ao colexio e viceversa.

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

Outro grupo de alumnado externo fai uso de transportes adaptados como Auxilia, mediante táxis e outros/as que veñen nos vehículos da súas familias.

6.1.2.3 - Internado

O centro ofrece o servizo de internado dende as 10:00 hs do luns ás 14:45 hs do venres.

O centro conta no 1º andar do edificio de habitacións, sala para o tempo de lecer, baños adaptados... para cubrir as necesidades básicas do alumnado.

Na organización e funcionamento do internado interveñen diariamente a directora, educadoras, coidadoras, médico, unha cociñeira, unha axudante de cociña e unha camareira limpadora.

Parte deste persoal faino en quendas rotatorias, ou xornada continuada segundo o recollido no DOC e na PXA.

Os obxectivos a desenvolver no internado:

- Favorecer na medida do posible o desenvolvemento da autonomía persoal dos/as internos/as nas actividades da vida diaria: aseo; vestido, alimentación, ocio e tempo libre.
- Establecer rutinas diarias que lles faciliten a integración e lle dean seguridade nun espazo que non é a súa casa.
- Crear un clima familiar nas instalacións do internado e no trato co alumnado que fai uso do servizo.
- Facilitar en todo momento a comunicación e a coordinación do internado coas familias.

Cabe destacar que tanto os/as educadores/as como os/as coidadores/as son

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

fundamentáis no bo funcionamento do internado.

6.1.2.4 - Fisioterapia

O servizo de fisioterapia lévase a cabo por unha fisioterapeuta que fai xornada partida no centro en horario de mañá e de tarde.

Atende a aquel alumnado de centro, de escolarización combinada e atención domiciliaria que necesita dunha rehabilitación motórica, levada a cabo en conxunto polo médico e a fisioterapeuta.

Entre os seu obxectivos xeráis:

- mellorar o desenvolvemento motórico do alumnado que o precise.
- Instaurar pautas saudables para un bo funcionamento do sistema locomotor do alumnado.

O seu programa de traballo será recollido na Programación Xeral Anual que se realiza no mes de setembro.

6.1.2.5 -Servicio Médico.

O servizo médico está atendido por un doutor que fai a súa xornada continuada no centro de sete horas.

O seu obxectivo xeral é lograr o maior grado de saúde, entendéndose este concepto como o logro do máis elevado nivel de benestar físico, mental e social posible dentro dos diagnósticos de cada alumno.

Colaboración tanto co Servicio Galego de Saúde como con profesionáis externos ao centro que atenden ao noso alumnado.

Atende persoalmente a todo o alumnado e persoal do centro. Colabora co

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

SERGAS activamente nas campañas de vacinación e bucodental.

Xunto co Equipo Directivo e o Departamento de Orientación procurarase a coordinación entre estes servizos, as familias e demais profesionáis do centro; o que resulta imprescindible para a inclusión social e para o correcto desenvolvemento do alumnado.

O seu programa de traballo será recollido na Programación Xeral Anual que se realiza no mes de setembro.

6.2. Colaboración e coordinación cos servizos externos.

No centro traballamos unha ampla variedade de profesionáis con horarios e funcións diferentes.

O volume de información que se manexa sobre cada alumno/a é moi importante teante en cantidade como en significatividade para levar a cabo o día a día do centro.

Tamén temos que ter en conta que esta información cambia constantemente ao ser un alumnado con moitas necesidades especiais tanto educativas, sociais como de saúde.

Para facilitar o paso da información do xeito máis fluído e fiable posible temos os seguintes documentos a disposición do todo o persoal que o necesite:

- Libro rexistro incidencias alumnado (dirección)
- Libro rexistro incidencias internado.
- Rexistro médico de atención a o alumnado.
- Rexistro incidencias titorías.
- Caderno de comunicación cas familias.

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

- Protocolos de actuación xeráis.
- Protocolos de actuación individuáis.

6.3– Intervención coas familias.

A coherencia e continuidade entre a acción familiar e escolar é un suposto necesario para calquera etapa educativa pero, sen dúbida, debe expresarse de xeito máis intenso na Educación Especial.

O papel do educador será decisivo neste proceso, sendo necesaria unha actitude equilibrada, impregnada de afectividade e dispoñibilidade nas relacións co alumnado.

A relacións cas familias establecerase do seguinte xeito:

- Reunións a principio de curso
- Atención individual aos pais/nais, titores/as legáis
- Reunións de grupo os primeiros luns de cada mes da “Escola de pais/nais” ou cando se considere necesario
- Avaliación.

6.4– Medidas Organizativas para o alumnado exento de Relixión Católica

Este alumnado recibirá atención individualizada no centro de recursos educativos de Audición e Linguaxe ou reforzo educativo por parte do profesorado de Educación Especial.

7.- AVALIACIÓN

O carácter aberto e flexible do Proxecto Educativo do noso centro, implica a necesidade

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

dunha avaliación orientada a comprobar si se satisfíxeron ou non as expectativas expresadas no mesmo, a verificar o grao en que se cumpriron os principios e obxectivos formulados neste documento e determinar cales foron os principais obstáculos para a satisfacción ou cumprimento dos mesmos.

A información que nos proporcione o proceso de avaliación permitiranos prantexar a necesidade dun novo análise do contexto, unha redefinición dos principios e obxectivos educativos ou a apertura de novos canles de participación... é dicir, adaptar o PE á nova situación detectada no proceso de avaliación.

As modificación e inclusións no Proxecto Educativo presentaráselle ao Consello Escolar, que estudará as propostas para a súa introdución ou non nel.

Entre os indicadores ou criterios de avaliación que se terán en conta están:

- O seguimento e consecución dos obxectivos propostos.
- A adecuación ás necesidades do centro.
- O clima de traballo e participación.
- O funcionamento dos distintos órganos de xestión.
- O emprego de recursos.
- Aqueles puntos do PE que se consideren oportunos no momento da súa avaliación.

Os resultados desta avaliación incluíranse na Memoria Final de curso.

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

8.- ANEXOS

1. **Plan Acción Tutorial**
2. **Proxecto Lingüístico**
3. **Plan de Convivencia**
4. **Plan Dinamización das Tics**
5. **Proxecto Lector**
6. **Plan de Acollida**
7. **Plan de Orientación**
8. **Plan de Atención á Diversidade**

Proxecto Educativo – CEE Infanta Elena

As modificacións deste Proxecto Educativo, segundo e reflectido no Artigo 129 da Ley Orgánica 8/2013, para a Mellora da Calidade Educativa foron presentadas, avaliadas e aprobadas no Claustro celebrado con data do 11 de novembro de 2015.

E para que así conste aos efectos oportunos asina,

Vº P

Dna. Felisa Agudo Martínez

Directora

D. José Angel Cruzado Iglesias

Secretario